

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, sobre as convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Mediante o Decreto 81/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema público de saúde de Galicia, en desenvolvemento do artigo 2 e das disposicións adicionais quinta, sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Neste marco legal de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego aprobouse, mediante o Decreto 82/2022, do 25 de maio (*Diario Oficial de Galicia* núm. 102, do 30 de maio), a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal sanitario funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Mesa Sectorial de Sanidade do 5 de decembro de 2022, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CC.OO., CSIF, SATSE e UGT acadaron un acordo sobre criterios básicos dos baremos das convocatorias dos procesos de estabilización da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Durante o presente mes de decembro, esta dirección xeral, en cumprimento do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, ten ditado resolucións de convocatoria das prazas incluídas nos ditos decretos, que afectan cento cinco categorías estatutarias e catro clases de funcionarios, que serán obxecto de publicación na páxina web do Servizo Galego de Saúde www.sergas.es antes do 31 de decembro de 2022, e no *Diario Oficial de Galicia* durante o mes de xaneiro de 2023.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

